

opusdei.org

Hospilandia e "O rei das galletas"

Teatro solidario. Voluntariado
no Colexio Maior La Estila
[Santiago]

05-02-2015

Esta actividade englobase dentro da iniciativa de voluntariado Universitario "Hospilandia" que organiza o Colexio Maior Universitario La Estila en colaboración coa escola infantil "Camilo José Cela" do Hospital Clínico Universitario de Santiago.

O Grupo de Teatro do Colexio Maior La Estila, presentou aos nenos a obra de teatro "O Rei das Galletas". Os actores que participaron nesta representación foron: Aarón Martínez, Alejandro Paz, Mateo Alonso, César Pumariega, Ignacio González, Luís Alcalá-Galiano, Santiago Falcó, Ricardo Balóira, Antonio Abad, Gabriel Landín.

O público asistente estaba integrado por nenos hospitalizados da planta de pediatría, acompañados dos seus familiares, persoal do centro e da escola infantil. Tras a representación teatral o grupo de universitarios animou aos asistentes a cantar panxoliñas e cancións tradicionais desta época do Nadal.

Desde hai varios anos, voluntarios deste Colexio Maior visitan semanalmente a Escola Infantil do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela para pasar a

tarde cos nenos que se atopan alí internados cos que realizan diferentes actividades e xogos. Esta actividade persegue unha dobre finalidade; por unha banda, facer que os nenos teñan unha tarde diferente e romper a monotonía da hospitalización, e por outro, contribuír a que os pais poidan durante algunhas horas relaxarse un pouco.

Ao longo do curso pasado participaron como voluntarios neste programa 40 estudantes universitarios de diferentes carreiras, residentes do Colexio Maior La Estila, que atenderon unha media de 70 nenos e 150 acompañantes por mes.

.....